


Solución extrema, necesidade de axuda na configuración

Ante unha situación “extrema” na que precisades que vos bote unha man, ides ter que descargar e executar (non fai falla instalalo) teamviewer, unha ferramenta de balde que me permitirá conectarme e manexar o voso PC a distancia. A ferramenta é segura, de tal xeito que unha vez pechado o programa, non se poderá volver a acceder ao ordenador.

Podédelo descargar dende esta páxina do propio programa:

<https://www.teamviewer.com/es/descarga/windows/>

Unha vez descargado, prememos sobre a icona do instalador, e cando nos apareza a seguinte pantalla seleccionamos “Solo iniciar”, deste xeito non teremos que instalar nada.



Unha vez premido sobre aceptar, ábrenos o programa, o único que nos interesa son os díxitos do noso ID (son 10) e o contrasinal, se me fas chegar iso deixando o programa aberto, poderei acceder ao teu ordenador.

